

Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas Declaración da RENDA 2012





Quen está obrigado a declarar?

Compoñen a renda do contribuínte:

- Rendementos do traballo (soldos, salarios, pensións...).
- Rendementos do capital mobiliario (dividendos de accións, xuros de contas...) e inmobiliario (por arrendamento de bens inmobles...).
- Rendementos de actividades económicas (empresarios, profesionais...).
- Ganancias e perdas patrimoniais (por transmisións de bens, certos premios...).
- Imputacións de renda establecidas legalmente (pola propiedade de certos inmobles non arrendados distintos da vivenda habitual...).

O importe e a natureza das rendas percibidas durante 2012 determina quen está obrigado a presentar a declaración de Renda 2012.

Están obrigados a presentar a declaración polo IRPF os que obtivesen en 2012 rendas superiores ás seguintes contías, con carácter xeral:

D Rendementos íntegros do traballo cos seguintes límites:

- 1º Con carácter xeral, o límite é **22.000 €** anuais, se proceden dun único pagador. Tamén se aplica se percibiron de varios pagadores cando:
 - A suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supere en conxunto 1.500 € anuais.
 - Os seus únicos rendementos do traballo consistan en pensións da seguridade social e demais prestacións pasivas e que o tipo de retención aplicable se determinase polo procedemento especial, establecido regulamentariamente.
- 2º O límite anterior establécese en **11.200 €** anuais cando:
 - Procedan de máis dun pagador, se a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía superan 1.500 € anuais.
 - Se percibiron pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos, (agás que estas últimas procedan dos pais por decisión xudicial).
 - O pagador dos rendementos non estea obrigado a reter (por exemplo, pensións procedentes do estranxeiro).
 - Se perciban rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.

B Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso a conta co límite conxunto de **1.600 €**

C Rendas inmobiliarias imputadas, rendementos íntegros de letras do Tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado, co límite conxunto de **1.000 €**

O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) grava a renda obtida polas persoas físicas con residencia habitual en España, segundo as súas circunstancias persoais e familiares.

Non terán que declarar os que obteñan **exclusivamente** rendementos íntegros do traballo, do capital (mobiliario e inmobiliario), de actividades económicas e ganancias patrimoniais, suxeitas ou non a retención, cando a súa **suma non exceda de 1.000 €** e as **perdas patrimoniais sexan inferiores a 500 €**

Non obstante, mesmo se non se superan os importes anteriores, **deberán presentar a declaración** os contribuíntes que queiran beneficiarse de:

- Dedución por investimento da vivenda habitual.
- Dedución por conta aforro-empresa.
- Dedución por dobre imposición internacional.
- Reducións na base imponible por achegas a sistemas de previsión social.

Estes límites son os mesmos na tributación individual e conxunta!



Quen pode obter o borrador da declaración?

Os contribuíntes cuxas rendas (calquera que sexa o seu importe) en 2012 procedan exclusivamente de:

- Rendementos do **traballo**.
- Rendementos do **capital mobiliario suxeitos a retención ou ingreso á conta** e os derivados de **letras do Tesouro**.
- **Ganancias patrimoniais suxeitas a retención ou ingreso á conta, a renda básica de emancipación, subvencións para a adquisición de vivenda habitual e demais subvencións**, agás as consideradas rendementos de actividades económicas.
- **Perdas patrimoniais por** transmisión ou reembolso a título oneroso de accións ou participacións de **institucións de investimento colectivo**.
- **Imputación de rendas inmobiliarias** se proceden, **como máximo, de oito inmobles**.
- **Rendementos de capital mobiliario e inmobiliario** obtidos por entidades en réxime de **atribución de rendas** (comunidades de bens, sociedades civís, herdanzas xacentes, etc.) cando se atribúan aos comuneiros, socios, herdeiros etc.



BORRADOR

Unha vez confirmado o **BORRADOR**, tras revisalo e no seu caso modifícalo, terá a consideración de declaración.

En caso de non recibir o borrador non exonera da obriga de presentar a declaración.



PADRE

Se non é posible realizar o borrador, facilítanse os **DATOS FISCAIS** como axuda para confeccionar a declaración de Renda, que poden incorporarse ao programa **PADRE**.